







UNIDADES DIDÁCTICAS



O ENTROIDO



Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego / Departamento de Educación
e Acción Cultural

Textos: *M^a Xosé Fernández Cerviño*
Rosa Méndez García
Belén Sáen-Chas Díaz


Debuxos: *Xoán Ramón Marín Martínez*
Vicente Risco

Edita: Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imprime: Gráficas Sementeira, S.A.
Depósito legal: C-327-2001



O CICLO FESTIVO



A necesidade de medi-lo tempo vén imposta pola organización da vida cotiá. A actividade humana está marcada polo ritmo do día e da noite, das estacións, dos traballos e as faenas. O patrón de medida do tempo é o ano, ó longo do cal se repiten as estacións.

Hoxe en día, cando o elemento natural xa non é decisivo na distribución do tempo, coexisten dúas concepcións: a tradicional ou cíclica e a moderna ou lineal. Na primeira, que mestura elementos da natureza e dos antigos calendarios solar e lunar co calendario litúrxico, o ano divídese en dous grandes ciclos: o inverno (Defuntos, Nadal, Entroido, Coresma) e o verán (desde os maios e San Xoán ata as festas de outono). Dentro destes períodos, hai festas con data fixa e outras movibles. As festas litúrxicas, e mesmo algunha civil, coma o 1 de Maio, corresponden aproximadamente a outras máis antigas, asociadas a ritos agrarios.

Vemos, logo, que o tempo cíclico responde a unha concepción circular, de permanente repetición, mentres que o tempo lineal se concibe como unha sucesión regular de días, meses e anos, segundo o calendario oficial.



O ENTROIDO

Vestir máscaras, facer trasnadas, comportarse á contra da norma establecida, a desorde e a festa desatada non son costumes exclusivos do entroido nin de Galicia. Hai constancia de que se facía en moitas culturas dende a antigüidade e en diferentes épocas do ano, aínda que podía ter significados moi distintos.

Quizais o termo entroido proceda do latín *introitus*, designando a entrada no tempo de Coresma. En Europa e dende a Idade Media as festas de carnaval veñen marcadas pola relixión, en oposición ó precepto de abstinencia que rexe a Coresma. Normalmente asóciase á fin do inverno e a renovación que supón a chegada da primavera.

As celebracións teñen en Galicia unha orixe e significado similares ós do resto dos lugares onde se festexa o carnaval. Sen embargo, o entroido galego ten trazos característicos que lle imprimen unha personalidade propia.

Nos últimos anos déronse unha serie de transformacións nesta festa. As farsas tradicionais xa non son algo espontáneo senón que, en moitos casos, escenifícanse nun lugar prefixado de antemán para un público que acode de moitos sitios e non participa máis ca como espectador. Os disfraces xa non se fan na casa e, a miúdo, incorporan elementos de carnavais foráneos.

De tódolos xeitos o carácter satírico e crítico permanece e, aínda que se transforme, consérvase viva a esencia do carnaval, que rexía tamén na súa concepción tradicional: a ruptura das normas de conducta que impón a vida ordinaria.

A continuación faremos un pequeno percorrido polo entroido galego e as súas características tradicionais.

CICLO DO ENTROIDO EN GALICIA

Na actualidade celébranse tres días grandes do entroido: domingo, luns e martes, pero tradicionalmente o entroido duraba unhas dúas semanas e media. Este ciclo tiña variantes locais de maneira que, por exemplo, na comarca da Limia tiña ata catro semanas de duración.



Os días que comprendía o ciclo do entroido eran os seguintes:

Domingo fareleiro precede en quince días o domingo de entroido. Nese día é cando se sae ás rúas con sacos de fariña, borralla, betume ou feluxe dos potes e se bota enriba da xente.

Os xoves de compadres e de comadres son os dous xoves anteriores ós días grandes. As comadres facían o *lardeiro* ou *compadre* de palla no xoves de compadres. Vestido con prendas roubadas, pendurábano dun balcón onde os homes tiñan que tratar de collelo. No xoves de comadres invertíase o xogo, sendo as mulleres as que debían rescata-la *comadre* ou *lardeira*.

No *domingo oleiro* practicábase o chamado *xogo das olas*. Os participantes, colocados en rolda ou en dous bandos, teñen que botarse olas de barro os uns ós outros. Estas olas poden ir cheas de viño, auga, fariña..., e se algún a deixa caer e escachar paga unha prenda, normalmente unha rolda de viño ou diñeiro para facer logo unha merenda.

Domingo corredeiro é o anterior ó de entroido. Por estar ás portas da festa grande adoita se-lo das primeiras bromas e mascaradas. É cando se celebra a *corrida do galo* na que se pendura dunha corda tendida a ave, á que os mozos tiñan que lle arrinca-la cabeza cun pao ou coa man. Hoxe en día, pola súa crueldade, esta celebración ou ben se vai suprimindo das festas do entroido, ou se substitúe o galo real por un de pega.

Domingo, luns e martes de entroido son os días grandes e caracterízanse polas mascaradas e disfraces, xunto á degustación da gastronomía característica destas festas.

Domingo de piñata é o primeiro domingo de Coresma. A súa celebración é propia do ámbito urbano. Como o seu nome indica, faise unha piñata que hai que tratar de romper cun pao e cos ollos tapados.

ENTROIDOS GALEGOS

As manifestacións máis características do noso entroido localízanse sobre todo na provincia de Ourense, aínda que tamén contamos con algunhas no resto do territorio de Galicia.



Peliqueiros e Cigarróns

O *peliqueiro* é propio da localidade ourensá de Laza. É posible que o seu nome derive de *pelica*, xa que un pello de animal cobre a cabeza desta máscara. Menos claro é de onde vén o nome do *cigarrón*, que designa a máscara de características similares que sae en Verín. Quizais teríamos que polo en relación co termo *cigarra*, besbello, xa que como este insecto o cigarrón vai choutando de xeito que fai soa-los chocallos que leva pendurados da cintura.



Peliqueiro

A máscara é de madeira pintada de cores rechamantes e prolóngase cara arriba nunha chapa metálica onde leva pintado algún motivo animal ou do zodíaco. Na parte posterior da cabeza leva o pello que lle dá nome ó *peliqueiro*.


A vestimenta componse dunha chaqueta con alamares e galóns sobre a que vai un pano. Calzón curto con flocos, caireis e borlas de cores e medias brancas. Do cinto penduran as cochas que fai soar brincando, e na man leva un látigo cunha correa de coiro de boi. Este *zarrapo* ou *zamarra*, sêrvelle para azouta-las persoas que o insultan. Tamén ameaza e mete medo con el facéndoo estalar con forza no chan.

Os *peliqueiros* percorren a vila en grupos. Corren e saltan sen parar e non poden descubri-la cara, agás nun local pechado. Os veciños poden aldraxalos chamándolles de todo, mais non poden tocalos nin descubrírlle-la cara. Cando chaman ás casas ou están preto dunha taberna haberá que invitalos a viño e a bica. Exercen este poder durante o tempo que dura o entroido.

Pantallas

En Xinzo de Limia, é a careta o que se chama propiamente *pantalla*. Está feita de cartón, papeis de periódico e feltro. Adoita rematar na fronte con dous pequenos cornos e unha especie de gorro frixio.

O traxe leva calzón longo, polainas negras e camisa branca. Viste capa encarnada ou, ás veces, negra con cintas de cores, e un pano vermello atado na caluga. Tamén é encarnada a faixa que leva para amortecer-lo peso do cinto de coiro do que penduran axóuxeres e campaiñas. As mans van cubertas con luvas brancas, e fan un gran estrondo cunha ou dúas vexigas de vaca inchadas e curadas.



Pantalla

As pantallas van en grupo buscando a xente do lugar que non leve ningún disfrace. As persoas ás que ataquen poden refuxiarse na casa ou nun bar, pero se as alcanzan terán que pagar unha rolda de viño.

Boteiros

En Manzaneda, Viana do Bolo e Vilariño de Conso o entroido caracterízase por unhas comitivas chamadas *foliós*, nos que participa todo o mundo. Os *foliós* van encabezados por dúas máscaras, que son os *boteiros* en Viana e Vilariño e que non teñen nome específico en Manzaneda. A estas ségueas o resto da aldea batendo apeiros de labranza e uns enormes bombos feitos de xeito artesanal. Visten uniformes elegantes e coloridos e van tocando cun ritmo monótono e sen parar.

En Vilariño de Conso o *boteiro* viste polainas de coiro, calzón dunha cor viva e



Boteiro de Vilariño de Conso

Xenerais do Ulla

Entre A Estrada e Santiago, no val do Ulla, festéxase o entroido cunha mascarada composta de xente vestida con traxes de corte militar.

A comitiva vai encabezada polo *abandeirado*, montado a cabalo e ataviado con chaquetiña axustada, pantalón branco e un vistoso gorro. Anuncia a entrada da comitiva e vai seguido polo *sentinela* e os *correos*. A certa distancia vai o primeiro *xeneral*, vestido de chaqueta azul con xarreteiras e unha banda coa bandeira española ou galega. Os pantalóns son brancos ou azuis con bandas. A faixa vermella, as esporas de prata nos calcañares, o bicorne rematado con plumas e un bastón de mando completan o traxe. Vén seguido do *coro*, os *músicos* e os *vellos* e as *vellas*. Pechan o desfile o resto dos *xenerais*.

con bandas de cores horizontais e camisa branca cun debuxo no lombo. A máscara cobre toda a cabeza e representa un home con bigote, barba e patillas. Leva enriba unha prancha decorada totalmente con papel rizado de cores. Da cintura penduran as chocas prendidas dun cinto de coiro ancho rodeado de panos que amortecen os golpes.

En Viana do Bolo o *boteiro* leva unha pesada máscara formada por unha careta negra tallada en madeira, cun amplo sorriso, e a modo de gorro unha armadura xeométrica formada por arames e cartón, adornada con papeis de cores facendo debuxos. Viste camisa bordada con fitas de cores, unha faixa con borlas e unhas polainas negras chamadas *legues*. Do cinto penduran campaiñas ou chocas e na man leva a *monca* que remata nunha pequena bola.

Os *boteiros* non paran de brincar e moverse e son os que conducen a comitiva facendo soa-las chocas e mostrando a vara con sinais convidos que indican se hai que parar, da-la volta ou brincar.



Xeneral

A comparsa vai percorrendo as rúas e aldeas onde a unha orde dun dos xenerais representan o seu papel: primeiro actúa o *coro* formando un círculo dentro do que o director e a directora dirixen as cantigas. Seguidamente *os vellos* cantan coplas picarescas e satíricas, rematando cos *vivas* dos *correos* cando os da comisión pasan o peto polas casas. Estes *vivas* teñen unha fórmula prefixada que é a seguinte:

Correo: *¡Oído, señores! Digan todos a mi voz: ¡Viva don Fulano y toda su familia!*

Todos: *¡Viva!*

Correo: *¡Vivan las personas de su mayor aprecio!*

Todos: *¡Viva!*

Correo: *¡Viva la gente que nos mira y arrodea!*

Todos: *¡Viva!*

Correo: *¡Viva la música y siga!*

Todos: *¡Viva!*



Logo segue un enfrontamento verbal en verso entre *correos* e *xenerais*, chamado atranque, que remata sempre coas paces e os vivas “a nuestra unión”.

Volantes

En Chantada (Lugo) saen os *volantes*. Visten camisa e pantalón brancos ou das cores das bandeiras española ou galega. Dos nocellos ós xeonllos levan unhas bandas cruzadas que semellan as cintas dunhas zapatillas de baile e sobre os ombreiros e por riba da camisa uns coloridos panos cruzados. Na cintura, protexida por tea de saco, levan dous grandes cintos que soportan vintecatro campaiñas cada un.

A máscara, chamada *pucho*, pode chegar a alcanzar un metro de alto por case o mesmo de ancho. É unha estrutura de arame e vimbio recuberta de flores e fitas de cores que penduran por diante e por detrás ata case chegar ó chan. Coróase con dúas monecas e dous penachos. Na man o *volante* leva un caxato que tamén pode ir engalanado.

Para abrirlle paso van os chamados *peliqueiros* ou *maragatos*. Son un ou dous, que visten roupas velhas cuns peellos por riba. Portan un látego ou un pao para ameaza-las mulleres e os nenos. Sobre a cara locen unha carauta de aspecto grotesco.

Madamas e Galáns

Estas figuras eran frecuentes no entroido galego, aínda que actualmente só perviven en San Adrián e Santa Cristina de Cobres, no concello pontevedrés de Vilaboa.

A comitiva de máscaras vai presidida polo *mordomo*, vestido de branco e cunhas fitas vermellas e amarelas ó longo do pantalón. Vai tocado cunha pucha azul. Ségueno as *madamas* e *galáns* e as parellas formadas polas *aldeanas* e os chamados *os de blanco*.

A base do vestiario é branca con complementos de gran colorido que cobren o traxe. Os *galáns* levan panos de manila nas costas e na cintura, e



Madama

cintas e flocos por tódolos lados. As *madamas* locen moitos colares e aderezos cubríndolle-lo torso. Tanto os homes coma as mulleres van tocados con grandes sombreiros de palla con flores, plumas, espellos, colgantes e algunha moneca, o que os fai moi pesados.

A comparsa empeza a percorre-la aldea, casa por casa, o domingo de entroido, recollendo de cada veciño un donativo en metálico, do que se encarga o *mordomo*. As parellas danzan en cada casa á que van e o martes, o día grande, ademais das danzas, faise tamén a *corrida do galo*. Rematan co *sermón* ou *testamento* que le o *predicador*.

TRADICIÓN PERDIDAS

Existiron máis tradicións que se foron perdendo, coma os *panos* de Mazaricos que encabezados polo *abandeirado* e acompañados dos *bailadores* ían desfilando. Outros personaxes facían bromas e metíanse cos veciños, como tamén facían os *escabicheiros* da cidade de Vigo que, con intención de caricaturizalos, vestían á maneira dos campesiños pobres cubertos coa coroa e portando unha vara ou vasoira para fustrigar ó persoal.



Madamiñas e xigantes segundo V. Risco



En Ourense, a parte das que xa se describiron, temos noticia dos *charrúas* de Allariz, os *troteiros* de Bande, as *madamiñas* e *xigantes* de Entrimo, os *felos* de Esgos e Maceda ou a mascarada das parroquias de Covelo e Vivenzo, no concello de Melón, formada polos *maiordomos*, *o rei*, *o xusticia* e *os soldados*.

BURLAS E MASCARADAS

Estes elementos non poden faltar no entroido. A tradición impuña algunhas bur-las e mascaradas que se observaban en case todas partes.

Nos días anteriores era costume *da-lo burro á xente*. Un papeliño cun burro debuxado metíase no peto ou pendurábase do lombo dos despistados. Era común no rural roubar cancelas, carros, apeiros ou potas. Noutros lugares hai personaxes dedicados a lles botar ós espectadores auga, fariña ou borralla, mentres outros sofaldran as mulleres ou azoutan á xente.

No entroido son habituais as representacións de animais ou monstros. Así, en Laza sae a *morena* luns de entroido. É unha vaca que arremete contra a xente mentres os mozos que a escoltan levan farelos e formigas rabiosas que botan enriba dos que pasan.

En Viana do Bolo unha mula dirixida por un personaxe que chaman *maragato* couceaba os rapaces. Ás veces enfermaba e o maragato tiña que sandala levándoa a taberna e dándolle viño.

En Manzaneda os *foliós* levaban un touro e en Moaña saía a *fera*, tamén con aspecto de vaca ou de touro.

O CARNAVAL URBANO

O entroido recupérase nas cidades a partir dos anos setenta despois dun longo período de represión que prohibía as manifestacións na rúa. Incorpora influencias externas prestadas do carnaval veneciano ou brasileiro. É máis organizado e controlado do que o carnaval rural e soe ter gran espectacularidade, con carrozas, desfiles e bailes nas sociedades e discotecas.

Así e todo hai prácticas urbanas tradicionais, coma os *apropósitos* coruñeses ou a queima e enterro do *Ravachol*, representación do loro dun popular farmacéutico de Pontevedra, don Perfecto Feijoo.

Nas vilas e cidades o entroido engadía un día máis despois do martes. Era o chamado *domingo de piniñata*, o primeiro da Coresma.

MORTE DO ENTROIDO

Case tódolos entroidos que coñecemos están personificados nun moneco que recibe diferentes nomes: entroido, antroido ou entrudio. Pode ser masculino ou feminino e incluso unha parella. A súa morte, que representa o remate dos días de festa, comporta uns actos fúnebres con máis ou menos cerimonia.

O *meco* é un dos personaxes de maior tradición no sur de Galicia e tamén en Santiago de Compostela. Pódense cita-la *Micaela* de Buño, o *Xan Perdulario* do barrio da Seca en Pontevedra, o *Felipiño* do Barbanza ou o *Xeniño* de Ribadavia.

En moitas aldeas organizábase o *carro do entroido*, que era o cortexo que conducía o moneco á súa destrución. Nas cidades o cortexo denomínase *enterro da sardiña* e ten unha orixe máis moderna.

É costume nas vilas e aldeas le-lo sermón ou testamento do entroido. Este texto adoita ser rimado e ter contido satírico, criticando os feitos ocorridos na aldea ou vila durante ese ano. Velaquí unhas estrofas do sermón do entroido de Cotobade, nos anos 30:

Os mozos solteiros este ano
como non ten chovido,
moitas rúas e cachóns ten corrido.

Esta é unha verdade moi pura
que andan moito de noite
e a moitos vai botando para a sepultura.



Escabicheiro segundo V. Risco



Porque los mozos
en estos tiempos
son muy blasfemos
y lujurientos.

...

Nos dice el santo
que todo se publicará,
que nas mozas non hai senón garbo
e nos mozos vanidá.


¡Oh, padres, que familias tenéis!
Non hai que lles dar libertá,
que no último día
non sei como vos pasará.

GASTRONOMÍA

As festas do entroido son datas de fartura na mesa con pratos e sobremesas propios destes días, xa que ó rematar comeza a Coresma, tempo de abstinencia.

Na aldea adoitaban facer comidas de carácter comunitario que, ás veces, se organizaban cos alimentos recollidos polas máscaras de casa en casa.

O rei da festa é o porco. O entroido é a primeira festa grande despois da matanza e para esta ocasión consérvase salgada a *cachucha*, *cacheira*, *cachola* ou *cachaza*,





que se toma con grelos, patacas, chourizos ou rabo. O lacón con grelos e o cocido son tamén comidas típicas do entroido. Nalgúns sitios fanse o botelo e a androlla, embutidos no intestino grosso do porco a base de carne con óso picada e adubada con allo, pemento, loureiro e ourego.

As sobremesas compóñense das filloas doces, as orellas, as flores, as follas de limón e a bica. En Cotobade e na Illa de Ons, na provincia de Pontevedra, era típica a vincha ou bandullo. Este doce faise coa vexiga do porco curada e rechea dunha mestura con pan, leite, ovos, azucre, manteiga e pasas, que se coce no forno.

As filloas salgadas fanse usando como amoado o caldo do lacón. Ademais pódense preparar co sangue fresco do porco nos días da matanza. Tamén a vincha tiña a variante salgada en Viana do Bolo (Ourense). Parece que alí preparábase cun recheo de arroz, xamón, chourizo e ovos cocidos.



BIBLIOGRAFÍA

- CARO BAROJA, J. *El Carnaval*. Ed. Taurus. Madrid, 1965
- COCHO, F. *O carnaval en Galicia*. Ed. Xerais. Vigo, 1990
- FRAGUAS FRAGUAS, A. *Do Entroido*. Museo do Pobo Galego. Santiago, 1994
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. *As festas cíclicas do ano*. Museo do Pobo Galego. Santiago, 1992
- GONZÁLEZ REBOREDO, J.M. e MARIÑO FERRO, R. *Entroido en Galicia*. Deputación Provincial da Coruña. 1987
- RISCO, V. *Etnografía: cultura espiritual*, en *Historia de Galiza*, t. I. Nós. Buenos Aires, 1962



ACTIVIDADES

1. Facer dous calendarios do ano 2001: un segundo o concepto cíclico do tempo e outro seguindo o esquema lineal. Sinalar en ámbolos dous as festas principais.
2. Preguntar a veciños e familiares maiores como celebraban o entroido e que prácticas, bromas, mascaradas... eran as máis habituais.
3. Recoller cantigas, recitados ou ditos referentes a esta festa.
4. Recompilar receitas de comidas e doces que se consumen na zona nestas datas.
5. Realizar un traballo e expolo cos datos obtidos.